



Estimadas familias,

Neste curso que acaba de empezar, e nunha situación tan anómala e preocupante que nos toca vivir, vémonos na obriga de contactar coas familias para solicitar a súa colaboración para mellorar o cumprimento dos protocolos activados por mor do COVID-19, así como o correcto funcionamento da actividade académica dos seus fillos/as.

Necesitamos a axuda das casas especialmente nos seguintes temas:

- **Notificación das ausencias do noso alumnado:** este ano estamos a ter xa ausencias do alumnado motivado por diferentes causas e precisamos que se avise de xeito **inmediato ao Centro** de calquera posible positivo dun alumno/a ou convivente para así poder atender a ese alumnado ausente a través da aula virtual e o máis rápido posible.
- **Transporte escolar:** dentro do protocolo COVID e das Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC) está recollido o tempo de transporte como competencia do Centro. No transporte temos nestes intres dous problemas:
  - O noso alumnado ten asignado un número no transporte escolar e é a **súa obriga** respectar esa posición por mor da detección de contactos próximos nun posible contaxio.
  - Durante o período de transporte desde o Centro e ate as paradas correspondentes o alumnado debe manter as máscaras postas **durante todo o traxecto**.Estes dous puntos están contemplado no regulamento e terá a súa sanción en caso de incumprimento dos mesmos.
- **Correcto emprego de máscaras:** estamos a detectar que algúns alumnos/as traen máscaras mal postas e incluso nalgún caso se ven sucias. Deben poñelas correctamente e traer unha máscara de reposto para mudala cando así sexa preciso.
- O Centro de Formación e Recursos (CFR) de **Pontevedra ofrece ás familias a posibilidade de formación** no seu acompañamento ao alumnado e no coñecemento das ferramentas tecnolóxicas que enriquecen a experiencia de aprendizaxe dende os fogares. (Adxuntamos cartel informativo)

Un saúdo,

IES As Bizocas